

# Polideportivo

## VIRUTA CICLOTURISTA

ORGANIZA: Asociación Deportiva Fonsagrada Balompé  
 COLABORA: Concello de A Fonsagrada  
 Clube Ciclista Os Lobos  
 Concellería de Deportes



**SÁBADO**  
**6 de Abril**  
**2019**

[www.rutadoslobos.com](http://www.rutadoslobos.com)

**VENRES:** "LOBOESCALADA" nocturna pola vila, tamén para nenos/as GRATUÍTA e con SEGURO.

**SÁBADO:** "RUTA DOS LOBOS" e Visita guiada acompañantes con SEGURO e Gincana nenos/as GRATUÍTA.

**PREZOS:** 36€ Ruta con Cea, 20€ Ruta sen Cea. 31€ Visita Guiada con Cea (Nenos/as 15€).

Avitallamento "Fonsagrada Style" / Auga QUENTE / Lavado de bicis / Habitacións gratuítas (limitadas)

Cea de fabas con xabaril, Tenreira de Fonsagrada, postre, café e chupito / Agasallos na Cea

### CICLISMO

#### Ruta BTT San Simón da Costa

Hoxe celébrase a quinta edición desta marcha non competitiva que percorrerá os concellos de Vilalba, Xermade e Muras. A cita, organizada polo Club Ciclista Terra Chá, contará con tres percorridos, de 35, 48 e 68 quilómetros

### LOITA OLÍMPICA

#### Liga deporte base de Loitas Olímpicas

A Casa do Deporte acolle esta mañá a Xornada Norte da Liga de Deporte de Base organizada pola Federación Galega e o Club de Loita Lugo. É unha xornada lúdica deportiva que reunirá a nenos e nenos de 3 a 12 anos

### Partidos destacados

**MAÑÁ 11:00h.** FÚTBOL  
 DIVISIÓN DE HONRA, CD Lugo - Val Miñor

**MAÑÁ 16:00h.** FÚTBOL  
 LIGA 1-2-3, CD Lugo - Osasuna

**MAÑÁ 17:30h.** FÚTBOL  
 PREFERENTE, SD Ribadeo - Viveiro CF

**MAÑÁ 19:30h.** BALONCESTO  
 LIGA ACB, CB Breogán - Barcelona Lassa

### BALONMÁN

#### Torneo Cidade de Lugo

O torneo reunirá nove equipos: Teka Santander, Vallenalón, Muralla Zamora, Bueu Atlético, Ferrolterra, Culleredo, Costa Verde Gijón, o portugués Hand M-50 e o CPL ADC Descubriendo Lugo, que exercerá como anfitrión da cita



## ATLETISMO



### Hoxe e mañá. Mondoñedo TOXIZA GRAN TRAIL

Desde onte celébrase en Mondoñedo a quinta edición do Toxiza Gran Trail, con diferentes probas competitivas e non competitivas ao longo da fin de semana.

Tras a proba nocturna deste venres, onde os participantes tiveron que coroar a Pena da Roca, hoxe ás 15:30 horas saíran da Praza da Catedral os participantes da Andaina Solidaria "Calexóns de Mondoñedo" para percorrer 4 quilómetros polos lugares máis fermosos e representativos da cidade. A recaudación irá destinada á Asociación de afectados polo Síndrome de Fires.

Mañá, chega o día mais intenso co Toxiza Gran Trail, unha carreira de montaña con tres opcións diferentes de distancia e desnivel: 14, 21 e 42 quilómetros.

Unha vez recollido o dorsal e a bolsa do corredor con camiseta conmemorativa e produtos da zona, os participantes terán ocasión de subir a través de pistas e sendeiros ata o Pico Toxiza, percorrer lugares idílicos como a Fraga Vella ou subir ata a Pena da Roca antes de regresar á Praza da Catedral, onde se fará a entrega de trofeos.

Haberá avituallamentos durante e ao final de cada distancia e servizo de ludoteca para os máis pequenos, así como un xantar de confraternidade para corredores e voluntarios no pavillón municipal.

### Mañá. Lugo CLASIFICATORIA ATLETISMO

Uns 350 atletas das categorías infantil e cadete participarán mañá nunha xornada clasificatoria para o Campionato Escolar de Atletismo organizado no marco do programa de deporte escolar Xogade.

As probas, de velocidade, salto e lanzamento de peso, celebraranse nas pistas de atletismo do complexo deportivo das Pedreiras. Comezarán ás 15 horas e prolongaranse ata as 14:15 horas.

## CICLISMO

### Hoxe. Vilalba RUTA BTT SAN SIMÓN DA COSTA

Hoxe celébrase a quinta edición desta marcha non competitiva que percorrerá os concellos de Vilalba, Xermade e Muras.

A cita, organizada polo Club Ciclista Terra Chá, contará con tres percorridos, de 35, 48 e 68 quilómetros. A gran aceptación desta proba obrigou aos organizadores a ampliar o número máximo de inscricións, que este ano chega a 300. Como novidade, a proba ciclista percorrerá o centro de Muras.

A ruta dará comezo as 9:00 horas con saída e chegada na praza da Constitución da capital chairega. Os participantes disporán de aparcamento, duchas, vestiarios así como lavado de bicicletas na contorna do polideportivo da Magdalena, onde tamén se recollerán os dorsais.

## SQUASH

### Hoxe. Lugo 1ª PROBA CIRCUÍTO BORJA GOLÁN

Squash Monstruños organiza a primeira proba do Circuito Galego Júnior Borja Golán, na que participarán medio cento de xogadoras e xogadores das categorías sub 11, sub 15 e sub 13. Os encontros xogaranse nas pistas de squash do Pazo Universitario dos Deportes ao longo da xornada.

Para esta primeira proba os cabezas de serie veñen marcados polo Ránking Galego Júnior. Despois, estableceuse un ránking propio do circuito que se completará con tres probas máis de aquí a decembro. A vindeira será tamén en Lugo, o 8 de xuño.

## FÚTBOL SALA

### COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F	Majadahonda	Burela FS	La Grandilla	Hoxe, 20:00h
2ª Div. M	Córdoba	Burela FS	Córdoba	Hoxe, 18:30h
3ª Div.	Ribeira	Red Blue Vigo	PM Deportes	Mañá, 19:00h
3ª Div.	Casás	Bueu	PM Deportes	Mañá, 17:00h
3ª Div.	Pazos Bobén	Vilalba FS	PM Pazos	Hoxe, 18:00h
3ª Div.	Coruxo	Begonte	As Travesas	Hoxe, 16:30h
3ª Div.	P. Barreiros	Santa Isabel	PM Barreiros	Hoxe, 18:30h
Pref. M	Betanzos	Quiroga FS	PM Betanzos	Hoxe, 20:00h
Pref. M	Lugo FS	Lugo Sala	PM Deportes	Hoxe, 20:00h
Pref. M	Castroverde	Guitiriz	PM A Ferrería	Hoxe, 18:00h
Pref. F	V. Amarelle	Castro	Sagrada Fam.	Mañá, 11:00h
Pref. F	Bembrive	Vilalba	PM Bembrive	Hoxe, 16:00h
Xuv. M	Os Meigallos	Campito	O Chanto	Hoxe, 19:00h
Xuv. M	O Parrulo	Vilalba	A Malata	Mañá, 19:00h
Xuv. M	Redondela	Ribeira FS	PM Redondela	Hoxe, 16:30h
Cad. M	Lugo Sala	Burela FS	O Palomar	Hoxe, 18:00h
Cad. M	Guitiriz	Red Blue Coruña	PM Guitiriz	Hoxe, 20:00h
Cad. M	Casás	Os Meigallos	O Palomar	Hoxe, 19:30h
Inf. M	Lugo Sala	Burela FS	O Palomar	Hoxe, 16:30h
Inf. M	Hércules FS	Lumieira	San Fco. Javier	Mañá, 17:30h
Inf. M	Guitiriz	Red Blue Coruña	PM Guitiriz	Hoxe, 18:30h
Inf. M	Casás	Os Meigallos	O Palomar	Hoxe, 21:00h
Ale. M	Castro	Burela FS	Vista Alegre	Mañá, 20:00h

## VOLEIBOL

### Hoxe. Pontevedra CAMPEONATO GALEGO ALEVIN

Os equipos alevíns de Emevé, Ribeira Sacra e Club Korbis disputan hoxe en Pontevedra a terceira proba do campionato galego alevín nas instalacións do Centro de Tecnificación Deportiva.

### Hoxe. Bertamirás e Ourense FINAIS PRIMEIRAS DIVISIÓNS SÉNIOR

Ás 12:00 horas, no municipal de Bertamirás, o Club Korbis disputa a semifinal da Fase Final do Campionato Galego Sénior feminino ante Calasancias Coruña. De gañar, enfrontarase ao vencedor do CV Bruxas-Zalata.

O Emevé xoga a Fase Final masculina no Pazo dos Deportes Paco Paz de Ourense. Os lucenses pelexarán por unha praza na gran final contra o Xuvénil Teis a partir das 12:00 horas. Se sae vencedor, medirase ao ganador do duelo Asesores Vila Castro-Maniotas.

### Hoxe. Ourense PLAY OFF ASCENSO

O Voleibol Lugo xoga mañá as 11:00 horas no Paco Paz a semifinal polo ascenso á Primeira Autonómica Xuvénil ante Asesores Vila Castro.

## LOITA



### Hoxe. Lugo LIGA DE DEPORTE DE BASE DE LOITAS OLÍMPICAS

A Casa do Deporte acolle esta mañá a Xornada Norte da Liga de Deporte de Base organizada pola Federación Galega e o Club de Loita Lugo.

Trátase dunha xornada lúdico deportiva que reunirá a nenos e nenos de 3 a 12 anos. Ademais do anfitrión, participarán no torneo o Club de Loitas Olímpicas de Vilalba, Club de Loita Rábade, Club Stellae de Santiago de Compostela, Club Kelttoi de Vila de Cruces, Escola Ayude de Santiso, Club Atila de Ourense e Club San Lorenzo de Asturias.

En Vigo, desenvolverase outra xornada coa participación de oito equipos da zona sur de Galicia. A Xornada final acollerá unha competición cruzada entre os tres mellores clubs clasificados na xornada norte contra os tres mellores da xornada sur. E o segundo grupo estará conformado polos clasificados do cuarto o sétimo posto.

## BALONMÁN

### Hoxe. Lugo TORNEO CIUDADE DE LUGO

Hoxe dispútase no polideportivo Terra a sexta edición do Torneo Cidade de Lugo de balonmán veterano, unha das citas máis importantes no calendario desta categoría.

O torneo reunirá nove equipos: Teka Santander, Vallenalón, Muralla Zamora, Bueu Atlético, Ferrolterra, Culleredo, Costa Verde Gijón, o portugués Hand M-50 e o CPL ADC Descubrindo Lugo, que exercerá como anfitrión da cita organizada en colaboración co Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Federación Galega de Balonmán. Os encontros arrincarán ás 9:15. A final está prevista a partir das 20:00 horas.

### COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Aut. M.	BM Viveiro	Pabellón	PM Viveiro	Hoxe, 18:30h
2ª Aut. M.	Pontedeume	BM Lucus	A Casqueira	Hoxe, 18:00h
2ª Xuv. M.	BM Lucus	BM Viveiro	PM Castro	Mañá, 12:15h
2ª Cad. M.	BM Lucus	BM Viveiro	PM Castro	Mañá, 10:30h
2ª Cad. F.	BMCulleredo	BM Lucus	Almeiras	Mañá, 13:00h
2ª Inf. M.	BM Línea 21	BM Lucus	Novo Mesoio	Hoxe, 12:30h

## XADREZ

### COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
D. Honra	Recalado	C. Ferrolano	Est. Granxa,30	Hoxe, 16:00h
D. Honra	Xadrez Ourense	ELX Seg. Arango	Parque Emp.	Hoxe, 16:00h
D. Honra	C. Chantadino	U. Vigo	As Sociais	Hoxe, 16:00h
1ª Div.	A. Bóveda	Recalado	Oltmos, 16	Hoxe, 16:00h
1ª Div.	ELX Lugo Xadrez	Macondo	Frigsa	Hoxe, 16:00h
1ª Div.	Cidade Narón	Círculo Artes	M. Antonio,7	Hoxe, 16:00h
2ª Div.	ELX Cadete	C. Ferrolano B	Frigsa	Hoxe, 16:00h
2ª Div.	CEX Torreón	ELX Fernando Valín	Centro Maiores	Hoxe, 16:00h
2ª Div.	Xadrez Betanzos	Viveiro	Pescadería,2	Hoxe, 16:00h
2ª Div.	BLXAs. Atak	Air Hostess	Frigsa	Hoxe, 16:00h
2ª Div.	Xadrez Irindo	ELX Iván Salgado	Biblioteca Baio	Hoxe, 16:00h

## TENIS MESA

### Hoxe e mañá ÚLTIMAS XORNADAS

Durante a fin de semana dispútase a derradeira xornada da Liga en 3ª División Nacional, na que a SD Ribadeo pode alcanzar o título e ascenso ante Dubratambre. Tamén se disputa a última xornada da competición regular en 2ª División Galega.

### COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1 Div. M.	CTM Milagrosa	Monteporreiro	Frigsa	Hoxe, 17:00h
3ª Nac.	Afer Rábade	Conxo TM	PM Rábade	Hoxe, 16:00h
3ª Nac.	CTM Milagrosa	San Xoán TM	Frigsa	Hoxe, 17:00h
3ª Nac.	Oleiros C	Dez Portas	Bastlagueiro	Hoxe, 17:00h
3ª Nac.	San Ciprián	CTM Coruña	A Veiga	Mañá, 11:00h
3ª Nac.	Dubratambre	SD Ribadeo	IES Val Dubra	Mañá, 11:00h
2ª Gal.	Cambre TM	Prom. Ribadeo	A Rocha	Hoxe, 16:00h
2ª Gal.	Gumico	Dez Portas	Fund. Adcor	Hoxe, 17:00h
2ª Gal.	Limp. García	Dez Portas Inf.	Malto Vizoso	Hoxe, 17:00h
2ª Gal.	San Ciprián B	Narón	A Veiga	Mañá, 11:00h

## TENIS

### Hoxe. Outeiro FINAL DIVISIÓNS HONRA INFANTIL

Esta tarde a partir das 15:00 horas, o equipo infantil do club D10 xoga os cuartos de finais do campionato galego de División de honra ante Tenis Coruña.

### COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1 Div. M.	Tenis Muimenta	Fluvial de Lugo	Muimenta	Mañá, 10:00h
1 Div. M.	Foz Tenis	Club Preball	Foz	Hoxe, 16:00h
2 Div. M.	Tenis Vitalbés	Tenis Chantada	Vitalba	Mañá, 10:00h
2 Div. M.	Cidade Lugo	Der. Empresariais	Lugo	Hoxe, 16:00h
2 Div. M.	D10	Tenis As Termas	Outeiro	Mañá, 10:00h
1 Div. F.	D10	Tenis Coruña	Outeiro	Hoxe, 16:00h
DH. Inf.	D10	Tenis Coruña	Outeiro	Mañá, 15:00h
2 Div. Inf.	As Termas	Club USC	Lugo	Hoxe, 10:00h







A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
GO DEPORTE

# Ruta dos Lobos

**A DEPUTACIÓN DE LUGO COLABORA** cunha ruta á que acudirán ciclistas de toda Galicia e do noroeste peninsular, e que esgotou as inscricións na primeira semana



450 deportistas de Galicia e do resto do norte peninsular participan hoxe na cuarta edición da carreira de BTT Ruta dos Lobos da Fonsagrada. A proba percorrerá pistas forestais do municipio fonsagrado e de Negueira de Muíñz ofrecendo aos asistentes unha perspectiva privilexiada da montaña lucense.

A ruta conta con dous percorridos diferentes: un de 54 quilómetros, cun desnivel de máis de 1.900 metros positivos, sumando un acumulado de 3.800 metros; e outro de 29 quilómetros, con 1.200 metros de desnivel positivo e chegando aos 2.400 metros de desnivel acumulado. Os circuitos presentan 13 quilómetros de cambios no itinerario con respecto á ruta do ano pasado para sorprender aos que repiten na cita.

Os ciclistas tomarán a saída na Praza do Concello ás 11 horas. A organización facilitará indicacións sobre os puntos de interese para poder ver a proba. A Ruta do Relloiro, o mazo de Vicente, a baixada da Seimeira de Vilagocende, a baixada na Ponte do Souto, a baixada Airixín, a Pena do Inferno ou a Subida da Gamalleira son algúns dos lugares sinalados para seguir aos corredores.

Ao remate, os participantes terán un espazo habilitado no Campo da Feira para o lavado das bicicletas e duchas no polideportivo municipal. A partir das 21.00 horas, tanto os ciclistas como os acom-

**“As inscricións para esta carreira de BTT comezaron o 1 de febreiro e nunha semana xa se esgotaran as 450 prazas ofertadas, o que confirma que é unha cita con moito éxito na montaña á que cada ano se achega máis xente”**

**ARGELIO FERNÁNDEZ** Vicepresidente da Deputación e Alcalde da Fonsagrada

pañantes terán unha cea de confraternización no comedor Escola-Fogar a base de fabas con xabaril e tenreira da Fonsagrada, na que ademais se sortearán agasallos.

#### Actividades paralelas

As actividades ligadas á ruta comezaron este venres cunha carreira nocturna cronometrada, a Loboescalada, na que os participantes completaron un circuito desde unha das rúas máis baixas da vila ata a Praza do Concello, unha das máis altas.

Hoxe está prevista unha visita guiada para os acompañantes dos corredores que comezará ás 11:30 horas. Os visitantes coñecerán o museo Etnográfico de Grandas de Salime e a fábrica de cervexa artesá Pintega. Na Praza do Concello,

coincidindo coa chegada á meta dos primeiros participantes, arredor das 17:00 horas, tamén se organizará unha xincana gratuita para os máis pequenos.

#### Promoción e difusión do evento

O goberno da Deputación de Lugo e o do Concello da Fonsagrada colaboraron na difusión e promoción do evento, que reunirá a persoas de toda a provincia e de diferentes puntos de Galicia e do norte peninsular.

O Vicepresidente da entidade provincial e Alcalde fonsagrado, Argelio Fernández Queipo, subliñou que “as inscricións para a carreira se esgotaron nunha semana, o que confirma que é unha cita con moito éxito na montaña á que cada ano se achega máis xente, pois esperta interese en moitos ámbitos: deportivo, turístico, cultural e paisaxístico. Para nós é un orgullo contar no noso concello con esta cita que xa ten recoñecemento nacional”.



A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
GO DEPORTE

